

ACTA ASEMBLEA ABERTA DE MOCIDADE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Meis
COMARCA: O Salnés
DATA: 14 de maio do 2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro Cultural San Lourenzo de Nogueira

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 7
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 3
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: todas e todos

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO: Alberte Fernández (Membro da Permanente de Galiza Nova)

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 7
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 50 minutos
METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.): Grupos pequenos

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

A reunión transcorreu en ton distendido con gran participación das persoas simpatizantes, interesadas en formar un grupo de traballo de Galiza Nova na localidade.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

Ademais de mostrar interese por levar a cabo as campañas nacionais de Galiza Nova falouse de realizar campañas concretas que respondesen a problemáticas relacionadas coa política municipal. Propúxose realizar unha campaña pola pouca frecuencia de autobuses para a mocidade do concello que ten que ir estudar fóra.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Analizouse coma unha das situacións máis dramáticas para o país a da nosa lingua entre a mocidade, se ben a xente nova desta localidade aínda fala na súa maioría en galego ven como cando teñen que ir ao instituto a vilas máis grandes coma Pontevedra ou Vilagarcía, alí o castelán é moi maioritario e falado pola práctica totalidade do estudantado.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

A pesares de que se constatou o difícil momento que se está a vivir no nacionalismo fíxose fincapé en que só se será capaz de saír deste con traballo duro e desde a base, por iso se valorou ben o proceso Adiante e o traballo realizado por Erguer e Galiza Nova na cidade de Pontevedra dándolle a coñecer o nacionalismo ás persoas simpatizantes asistentes á xuntanza.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Na liña de propostas realizadas no modelo organizativo falouse de que son prioritarios os grupos de traballo reducidos no espazo que faciliten levar a cabo unha actividade política diaria sen grandes desprazamentos.